



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-1

CONSULTA: “...*aínda que queden fora do ámbito ¿cabe plantexarse:*

- 1. A reubicación do edificio da xerencia de urbanismo?*
- 2. A intervención na Praza do Rei?*
- 3. Que relación de cotas existe entre a rúa Cachamuiña e a parcela da panificadora?*
- 4. Non existen planos en formato DXF ou DWG das edificacións?*

RESPOSTA:

1 y 2. O ámbito ao que se refire o presente concurso, correspóndese cos terreos onde se sitúa a antiga fábrica de “ Compañía Viguesa de Panificación S.A” coñecida como “Panificadora”, limitado polas rúas Santiago polo leste, Cachamuiña polo sur, Falperra polo oeste e por terreos posteriores ao paseo de Alfonso XII polo norte. Así mesmo, inclúense no ámbito os terreos lindeiros cos anteriores polo leste, situados entre a rúa Santiago e Praza do Reí.

O edificio da Xerencia de Urbanismo e a Praza do Reí non se inclúen no ámbito obxecto do concurso, polo tanto as intervencións sobre ditos elementos terán a condición de meras ideas ou suxerencias do concursante, alleas ao estrito ámbito de actuación.

Neste senso, as bases do concurso dispoñen:

“Ademais, a realidade urbana na que se inserta a actuación, precisa de ideas que permitan a mellor integración da Casa do concello, a praza do Reí e o contorno da Panificadora, a resolución das diferenzas de cota, a mellora de accesibilidade peonil e o favorecemento dun espazo humanizado que integre o existente desde unha visión ampla”.

E elo sen prexuízo da liberdade do concursante para plantexar, ademais, outras cuestións.

3. A parcela da Panificadora está situada na cota da rúa Cachamuiña, na zona de acceso de vehículos (cota aproximada 50,2).

4. Non existen planos en formato DXF ou DWG das edificacións na Xerencia Municipal de Urbanismo. A cartografía está no formato DXF e DGN.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-2

CONSULTA:

“Respecto dos planos en DXF ou DWG, no planeamento atopamos un PDF que claramente ten unha base que parte ou de DWG (autocad) ou DGN (microstation), e deberían existir tales orixinais en ditos formatos, non é posible a xestión que permita conseguir estes arquivos orixinais? (adxuntamos os arquivos PDF ó que facemos referencia)”.

RESPOSTA:

Se facilitan os planos de información, dos alzados dos cuarteiróns e da cartografía, do PEPRI do Casco Vello, do ámbito do Concurso, no formato DWG.

Planos Base y Alzados

http://xmu.vigo.org/docs/Panificadora/alzados/Planos_Base_e_Alturas.dwg

Manzana 25614

http://xmu.vigo.org/docs/Panificadora/alzados/07_25614.dwg

Manzana 26620

http://xmu.vigo.org/docs/Panificadora/alzados/20_26620.dwg

Manzana 26631

http://xmu.vigo.org/docs/Panificadora/alzados/22_26631.dwg

OBSERVACIÓNS: Lémbrese que unicamente serán transcritas as cuestións expostas polos consultantes que teñan a consideración de “consulta” ás bases do concurso de ideas para ordenación da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello e, por iso, con relevancia para a elaboración das propostas. Xa que logo, non forman parte deste documento e, polo tanto, non serán obxecto de valoración nin resposta, outras consideracións, ou opinións que se realicen aínda que se formulen en estilo interrogativo.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-3

CONSULTA:

1. Idoneidade do título de arquitectura, completado con Máster de Urbanismo pola ETSA da Coruña, para ser concursante.
2. Posibilidade de por a disposición dos consultantes planos en dixital.
3. Posibilidade de organizar visitas ao ámbito.

RESPOSTA:

1- De acordo coas bases, exíxese unha titulación legalmente recoñecida que habilite aos concursantes para a elaboración de instrumentos de planeamento.

A este respecto, lémbrese, por mor da aprobación do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (DOG do 09.11.2016), que entrará en vigor o vindeiro día 09.12.2016:

“A redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico efectuarana facultativos ou facultativas coa correspondente titulación universitaria (artigo 51.1 da LSG).

Para tal efecto, deberán ser redactados por persoas ou equipos multidisciplinares, que serán ou nos que polo menos un membro dos mesmos deberá ser arquitecto ou arquitecta ou enxeñeiro ou enxeñeira de camiños, canles e portos, ou terá o grao en arquitectura ou enxeñaría de camiños, canles e portos”. (artigo 85.1 do Regulamento da Lei do Solo).

2- Na resposta á consulta anterior (Consulta-2), incluída no Perfil de Contratante, se facilitan os planos de información, dos alzados dos cuarteiróns da Panificadora e da cartografía, do PEPRI Casco Vello no formato DWG.

3- Respecto á visita á Panificadora, neste momento non podemos indicar data nin garantir que se realice, no seu caso subiríanse as datas e horas das visitas ao perfil do contratante para coñecemento xeral.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-4

CONSULTA:

Que relación de cotas existe entre a rúa Cachamuiña e a Panificadora, no nos referiamos ó acceso, que resulta evidente que estea na mesma cota, senón a toda a fachada cara á rúa, na que hai un muro que non sabemos se é en parte muro de contención ou non, é dicir: a cota do patio da Panificadora no fronte cara a rúa Cachamuiña, en toda a súa lonxitude, é a mesma cá da rúa? Está mais alto o nivel interior da parcela que o da via exterior? Mais baixo? E constante a cota interior ou ten a pendente da Rúa?

RESPOSTA:

A rua Cachamuiña no fronte da parcela da Panificadora ascende desde a cota 49,47 a 55,84, mentras a plataforma interior do conxunto da Panificadora esta situada entre as cotas 49 e 50,20, polo tanto:

- A rasante do patio no fronte a rúa Cachamuiña non e a mesma ca da rúa en todo o seu fronte, solo no acceso.
- O nivel interior esta mais baixo que o da via exterior
- A rasante do patio interior esta situada entre as cotas 49 e 50,20



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-5

CONSULTA:

En relación al concurso para la Ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello.

Nuestra Consulta hace referencia a la fecha de fin de plazo de presentación de documentación, ya que documentándonos, hemos visto fechas distintas.

RESPOSTA:

DATA DE FIN DE PRESENTACION DE SOLICITUDES 20/01/2017



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-6

CONSULTA:

- 1. Son arquitecto recentemente colexiado. Non estou dado de alta como autónomo nin estou dado de alta no imposto sobre actividades económicas. Non realicei obra ningunha na que sexa eu o titular da empresa. ¿Podo participar?.*
- 2. No caso de que unha vez aberto o sobre C e ver que faltan documentos, a exclusión do concursante é inmediata ou se lle dará unha marxe de tempo para que aporte a documentación administrativa correspondente?*

RESPOSTA:

1- De acordo coas bases, exíxese unha titulación legalmente recoñecida que habilite aos concursantes para a elaboración de instrumentos de planeamento.

A este respecto, lémbrese, por mor da aprobación do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (DOG do 09.11.2016), que entrará en vigor o vindeiro día 09.12.2016:

“A redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico efectuarana facultativos ou facultativas coa correspondente titulación universitaria (artigo 51.1 da LSG).

Para tal efecto, deberán ser redactados por persoas ou equipos multidisciplinares, que serán ou nos que polo menos un membro dos mesmos deberá ser arquitecto ou arquitecta ou enxeñeiro ou enxeñeira de camiños, canles e portos, ou terá o grao en arquitectura ou enxeñaría de camiños, canles e portos”. (artigo 85.1 do Regulamento da Lei do Solo).



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No caso exposto, non se considera necesario, neste momento, o requisito da alta censual nin da alta como autónomo, sen prexuízo do compromiso de formalizar tales altas de resultar gañador/adxudicatario.

Non se exige a acreditación de experiencia previa.

2 – Enténdese que aínda que o consultante refire o sobre C, en realidade, a súa dúbida afectaría ao sobre A, no que se contén a documentación administrativa.

De acordo coa base 8, se a comisión administrativa observara defectos ou omisións emendables na documentación presentada, o comunicará aos interesados para que procedan a súa emenda no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partires do seguinte a súa notificación.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-7

CONSULTA:

1- A data de entrega nas bases era móbil, “45 días a partires da última publicación no Perfil de Contratante”, mais recentemente engadiuse isto:

Presentación de Ofertas

Data fin de presentación. 20/01/2017

enténdese isto entón como a data final e fixa de presentación física ou selo de envío postal, ¿é isto correcto? Ata que hora?

2 Nas bases danse os datos das superficies, volumes... da situación actual, pero non se indican estes valores para a proposta dado que o programa definírase no mesmo proxecto. Así e todo agradeceríamos unha aclaración mais precisa neste senso. ¿Habemos de mante-la edificabilidade? ¿Agotala? ¿Pódese aumentar/disminuir? ¿E a ocupación?

RESPOSTA:

1- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou o día 18.11.2016 ampliar o prazo de presentación de propostas ata o día 20.01.2017 (incluído) e o de consultas ata o 16.12.2016 (incluído). O acordo pode consultarse no perfil do contratante.

De acordo coa Base 10.3 do Concurso: *“finalizando o prazo de recepción as 14.00h, tanto para as candidaturas presentadas no rexistro xeral como as enviadas por servizo postal”*.

Polo tanto, o prazo DE FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES É 20/01/2017, ás 14:00 h.

2- De acordo coa Base 3.1 do concurso: a EDIFICABILIDADE TOTAL MÁXIMA DO ÁMBITO= 13.883,71 m² e *“O aproveitamento resultante da actuación poderá ampliarse en función das necesidades de deseño e integración de espazos debidamente xustificadas no proxecto coa debida adaptación ao ambiente da zona e harmonización cos criterios de protección do conxunto histórico”*

Polo tanto, a edificabilidade e a ocupación podense modificar de forma xustificada, sen poder alcanzar os parámetros previstos no PEPRI do Casco Vello para o ámbito obxecto do concurso, cuxa ordenación, incluída no PEPRI, se pretende modificar. O presente concurso de ideas ten por obxecto a



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

selección, polo xurado, da proposta de ordenación que pola súa calidade poda servir de base para a elaboración do planeamento que recolla a ordenación urbanística detallada da área delimitada pola Panificadora e polos terreos lindeiros do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo e que figuran referidos nas bases do concurso.

Finalmente, segundo a Base 6.3, letra A) do concurso. *“Así mesmo, avaliaranse preferentemente as propostas que impliquen unha maior sensibilidade cara ao patrimonio cultural e consigan o mellor equilibrio entre as intervencións posibles e a preservación dos elementos merecentes de protección, así como as que integren os aspectos ambientais de ordenación, caso, por exemplo, das que acaden o menor e mais eficiente consumo dos recursos naturais”*.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-8

CONSULTA:

No he entendido la forma de acreditar la solvencia económica y financiera, ¿podría ser mediante el punto b del apartado 1 del artículo 75 de la TRLCSP?. Si es así, ¿cual sería el importe?

RESPOSTA:

Conforme coa cláusula 11ª.1.d) do prego que rexe este concurso, os concursantes deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira conforme co especificado no artigo 75 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (BOE de 16.11.2011). Dita disposición foi modificada pola Lei 25/2013, de 27 de decembro (BOE de 28.12.2013) e polo Real Decreto-Ley 10/2015, de 11 de setembro (BOE de 12.09.2015, véxase a versión consolidada).

O importe ó que se refire o citado artigo 75, será nesta contratación de 124.657,00 euros. Cabe polo tanto a acreditación da solvencia económica e financeira mediante a existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior a dita cifra.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-9

CONSULTA:

1- *Segundo o punto 10.3, a documentación entregaríase nun paquete pechado sen identificación. Isto é así ou tería que indicarse un LEMA en todos os documentos?, en caso contrario, ¿Cómo se identificarían os sobres e paneis para evitar confusións?*

2- *Para a solvencia económica ¿se podería entregar unha declaración responsable asinada na que en caso de resultar gañador, o concursante comprométese a subscribir a póliza de seguro de responsabilidade civil pola cantidade correspondente?*

RESPOSTA:

1- De conformidade co previsto na base 10.3 do concurso, “a documentación presentárase nun sobre/paquete pechado que terá o seguinte título: “Concurso de ideas con intervención de xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora”, e que non poderá estar identificado de forma ningunha, de xeito tal que quede preservado o anonimato”. Xa que logo, o presente concurso anónimo desenvolverase **SEN LEMA**, de forma que os concursantes non poderán identificar as súas propostas mediante lema, seudónimo, código, etc. ningún.

Lémbrese que serán excluídas as propostas que vulneren, por calquera medio, o requisito do anonimato.

Será a entidade convocante quen asigne a cada unha das propostas presentadas un número de orde co que será identificado a documentación achegada.

2- En relación coa esixencia de acreditación da solvencia económica e financeira e dado que os pregos se remiten ao previsto no artigo 75 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, poderá o concursante -de conformidade co previsto no artigo 63 do propio texto refundido da LCSP- utilizar medios externos, isto é: *basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.* Para demostrar que se dispón destes medios externos, no caso de utilizar o seguro, ademais da



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

declaración responsable do compromiso de subscribir a póliza de seguro de responsabilidade civil pola cantidade mínima de 124.657 euros, debe achegarse un presuposto dunha entidade aseguradora no que se contemple o futuro asegurado e o seu obxecto.

En calquera caso, a observancia de se se dispón ou non de solvencia a realizará a Mesa de Contratación actuante nesta licitación.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-10

CONSULTA:

No tengo claro cómo puedo acreditar la solvencia económica. ¿Podría indicarme qué documentación tendría que aportar?

RESPOSTA:

Ademais de remitirnos ás respostas das consultas 8 e 9, lémbrolle que os medios que establece o artigo 75.1 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público son os seguintes (de forma literal):

a) Volumen anual de negocios, o bien volumen anual de negocios en el ámbito al que se refiera el contrato, por importe igual o superior al exigido en el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y en los pliegos del contrato o, en su defecto, al establecido reglamentariamente.

b) En los casos en que resulte apropiado, justificante de la existencia de un seguro de indemnización por riesgos profesionales por importe igual o superior al exigido en el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y en los pliegos del contrato o, en su defecto, al establecido reglamentariamente.

c) Patrimonio neto, o bien ratio entre activos y pasivos, al cierre del último ejercicio económico para el que esté vencida la obligación de aprobación de cuentas anuales por importe igual o superior al exigido en el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y en los pliegos del contrato o, en su defecto, al establecido reglamentariamente.

O candidato elixirá un destes medios para acreditar a solvencia económica.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

mesiaNo presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-11

CONSULTA:

Nas bases do concurso propóñense unha serie de usos vinculados co concello e a Zona Franca, como segue: Apartado 2. obxecto do concurso e no apartado 3.4-Usos.

É dicir, establécense tres grandes paquetes de usos, sendo dous deles principais e o terceiro complementario. Dada a flexibilidade que isto implica, gustaríame saber se hai algunha estimación ou previsión de canto espacio será necesario reservar para cada un dos dous usos principais (a Biblioteca Pública do Estado e as áreas vinculadas á Zona Franca). De facilitar estes datos, a proposta será máis axeitada, xa que a posible reserva para usos complementarios contemplará e respectará a previsión de espazos necesarios para o Concello de Vigo e a Zona Franca.

RESPOSTA:

Conforme coas Bases do Concurso:

“O presente Concurso de ideas ten por obxecto a selección, polo xurado, da proposta de ordenación que pola súa calidade poida servir de base para a elaboración do plan que recolla a ordenación urbanística detallada da área delimitada pola Panificadora e polos terreos lindeiros do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo. Na procura da solución urbanística máis adecuada para o ámbito a ordenar, considerando tamén os espazos de tránsito existentes na actuación ata a praza do Reí, a ordenación proposta debera integrar, de forma determinante, unha planificación dos usos urbanísticos para que o proxecto sexa sostible.

Os concursantes deberán dotar ás solucións propostas da versatilidade e flexibilidade suficiente como para que, no seu momento, calquera deles poda ter cabida e integrarse cos demais da mellor forma posible”.

Polo exposto, tanto a ordenación dos usos propostos nas Bases, como a previsión dos distintos espazos necesarios para a Biblioteca Pública do Estado e para os usos plantexados pola Zona Franca de Vigo, forman parte do contido substantivo das propostas que deberán presentar os concursantes. Xa que logo, corresponde a estes o estudo da ordenación urbanística mellor orientada a tales fins e a procura de solucións dotadas de versatilidade e flexibilidade de acordo co previsto nas bases.



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-12

CONSULTA:

- 1- *Existiendo una propuesta de urbanización y volumetrías de este entorno del arquitecto D. Rafael Moneo, qué grado de compromiso tiene el Ayuntamiento de Vigo con ese trabajo?*
- 2- *En el artículo 11.2. Contenido del sobre B, del Pliego de bases del Concurso, qué planos hay que incluir en el apartado f)? Se solicita una memoria descriptiva, una memoria justificativa, unos paneles, un CD con la información anterior y ¿otros planos con máis información, en qué formato, número? Corresponden estos planos al apartado C) del punto art.6.3 Facultades y criterios de valoración del Pliego de Bases?*
- 3- *Los 20 puntos del apartado C, Nivel de desarrollo de la propuesta, art.6.3 se valoraran en la propuesta presentada en los paneles y las memorias o en alguna documentación más?*
- 4- *Tiene el Ayuntamiento algún estudio vial de vehículos y peatones por la zona? tipos de circulación, horarios, aparcamientos, residenciales, comerciales, portuarios, ...?*
- 5- *Tiene el Ayuntamiento algún estudio de elementos culturales, servicios, residenciales y oficinas en la zona próxima o de necesidades?*
- 6- *Tiene el Ayuntamiento algún plan de peatonalización o circulaciones alternativas sostenibles en áreas próximas al solar y exteriores al Casco Vello de Vigo?*

RESPOSTA:

1- A proposta de “**Remodelación del entorno del Consistorio de Vigo**” do arquitecto D. Rafael Moneo, centrábase na remodelación do edificio do Concello de Vigo, do edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo, dos terreos colindantes e da Praza do Rei. A ordenación urbanística obxecto do Concurso refírese, sen embargo, á área delimitada pola Panificadora e polos terreos e edificacións lindantes ata a Praza do Rei. Na elaboración das propostas, os concursantes están condicionados polo exixido nas bases e na lexislación vixente, tendo en conta, que todos os traballos que se presenten deben ser da autoría orixinal dos candidatos.

Ademais, a proposta de “**Remodelación del entorno del Consistorio de Vigo**” do arquitecto D. Rafael Moneo, non conta (nin está prevista) coa tramitación de instrumento de planeamento ningún que a desenvolva, o que sería necesario para poder desenvolver esa solución arquitectónica; solución cunha fase de desenrolo, só a nivel de anteproxecto.

2 e 3- De acordo coas Bases do concurso, o punto 11.2.f) refírese a “*Planos de información e ordenación dos esquemas, vistas, seccións e detalles que se consideren e que a xuízo dos*



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

concurstantes, acheguen unha visión máis comprensible da proposta". Polo tanto, confírese liberdade suficiente aos concursantes para que podan presentar, ademais dos mínimos exixidos, aqueles planos que, ao seu xuízo, consiguen facer máis comprensible a proposta.

A presentación dos planos en formato pdf. e o seu número estará en función da forma de explicar a proposta, a xuízo dos concursantes.

Para a valoración do apartado 6.3 o Xurado entregará os SOBRES B aos membros integrantes da Comisión Técnica, para que avalíen as propostas de acordo coas Bases. Polo tanto, para a valoración dos 3 puntos incluídos no apartado 6.3 se utilizará todo o contido dos sobres B.

4, 5 e 6 – No link: <https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/licitacion.jsp?id=707&lang=ga>, no apartado "*Documentación de interese*", inclúese un enlace dende o que consultar o "*Plan Especial de Protección e Reforma interior Casco Vello*" que conta coa seguinte documentación:

- Plano de accesibilidade
- Plano de Información: 4-Dotacións.
- Plano de Ordenación: 10-estrutura viaria.
- Plano de Ordenación: Actuacións Esp. Públicos (A-16, A-17 e A-22).

Así mesmo, na Memoria xustificativa atópase:

- Anexo V- Estudo de tráfico.
- Anexo VI- Estudo de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

Por outra parte, as Fichas das edificacións inclúen os usos actuais dos edificios (couzadas 25614, 26631, 26620).



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

No presente documento recóllense as consultas plantexadas durante o período sinalado no prazo previsto nas bases, así como a súa correspondente resposta. Non serán obxecto de publicación, xa que logo, as consideracións, suxerencias ou outro tipo de reflexións que se fagan chegar polos consultantes e que non teñan a condición de consulta.

CONSULTA-13

CONSULTA:

Consultas sobre el concurso de la Panificadora:

1- *El documento 2624, Informe Descriptivo, está incompleto. ¿podría completarse?*

2- *Se entiende que las propuestas van sin lema?*

3- *En el punto 11.2 del Pliego no se especifica el tamaño de las páginas de las memorias (apartados a) y b)).Cuál es?*

4- *Falta el apartado e) del punto 11.2 del Pliego. Existe?.*

5- *En el apartado f) del punto 11.2 del Pliego se habla de los planos de información y ordenación a entregar. No se especifica ni tamaño ni formato, ni si es en papel o digital. Ni el número de planos admisible. Ni si tienen que estar incluidos en el CD/DVD del apartado d). Ni si esta información forma parte de los paneles. Podrían aclararlo.*

RESPOSTA:

1- Se completa o Informe descriptivo coa descripción dos terreos da Panificadora que se anexa.

2- Conforme coas Bases do Concurso, a documentación presentárase nun sobre/paquete pechado que terá o seguinte título “*Concurso de ideas con intervención de Xurado para a ordenación urbanística da área da Panificadora*”, e que non poderá estar identificado de forma ningunha, de xeito tal que queda preservado o anonimato. Polo tanto, a documentación se presentará SEN LEMA. Quedarán excluídos os traballos que vulneren, por calquera medio, o anonimato.

3- Se considera que o tamaño das páxinas das Memorias é o DIN-A4.

4- Non existe o apartado e) do punto 11.2 do Prego.

5- De acordo coas Bases do Concurso, o punto 11.2.f) refírese a “*Planos de información e ordenación dos esquemas, vistas, seccións e detalles que se consideren e que a xuízo dos concursantes, acheguen unha visión máis comprensible da proposta*”. Polo tanto, refírese á presentación dos planos que a xuízo dos concursantes consigan facer máis comprensible a proposta.

A presentación dos planos será en formato pdf. e o seu número estará en función da forma de explicar a proposta, a xuízo dos concursantes. A información explicativa estará incluída noutro arquivo. De acordo coas Bases: “*A administración poderá empregar estes arquivos para posibles publicacións ou*



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

ASUNTO: Concurso de ideas, con intervención de Xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello

para incorporalos a un unico CD que será entregado a cada membro do xurado con anterioridade as súas deliberacións, para facilitar o seu traballo de exame e avaliación". Polo tanto, o arquivo estará incluído noutro CD/DVD.

O contido dos planos de información e ordenación do punto 11.2.F do prego, tamén pode formar parte do contido dos paneis.

1.2. DESCRIPCIÓN DOS TERREOS

A superficie total de ámbito delimitado sobre a cartografía do PXOM é de 7.026 m², segundo medición sobre a propia cartografía

A PARCELA DA PANIFICADORA:

Cunha superficie escriturada de 6.983,67 m², a gran parcela da Panificadora en realidade está composta das 38 parcelas catastrais actuais, e 71 propiedades seguintes:

REFERENCIA CATASTRAL	DIRECCION	plantas	SUPERFICIE SUELO	SUPERF CONSTRUIDA
2561418	Cachamuiña 3	todas	6.300,00	6.300,00
2561419	Santiago 30	todas	40,00	40,00
2561420	Santiago 32	todas	33,00	33,00
2561421	Santiago 34	todas	36,00	36,00
2561422	Santiago 36	todas	30,00	30,00
2561423	Santiago 38	todas	25,00	25,00
2561424	Santiago 40	todas	30,00	30,00
2561425	Santiago 42	todas	18,00	18,00
2561426	Santiago 44	todas	44,00	44,00
2561427	Santiago 46	todas	36,00	36,00
2561428	Santiago 48	todas	31,00	31,00
2561429	Santiago 50	todas	29,00	29,00
2561430	Santiago 52	todas	30,00	30,00
2561431	Cachamuiña 7	todas	50,00	50,00
2561432	Cachamuiña 5	todas	24,00	24,00
2561433	Cachamuiña 5A	todas	15,00	15,00
2561434	Cachamuiña 1	PB	125,00	125,00
2561434	Cachamuiña 1	P1	125,00	125,00
2561434	Cachamuiña 1	P2	125,00	125,00
2561435	Falperra 37	PB	73,00	73,00
2561435	Falperra 37	P1	73,00	73,00
2561436	Falperra 35	PB,P1	38,00	76,00
2561436	Falperra 35	P2	38,00	38,00
2561437	Falperra 33	PB,P1	38,00	76,00
2561437	Falperra 33	P2	38,00	38,00
2561438	Falperra 31	PB,P1	76,00	152,00
2561438	Falperra 31	P2	76,00	76,00
2561468	Falperra 29	PB,P1	38,00	76,00
2561468	Falperra 29	P2	38,00	38,00
2561439	Falperra 27	PB,P1	38,00	76,00
2561439	Falperra 27	P2	38,00	38,00
2561440	Falperra 25	PB,P1	38,00	76,00
2561440	Falperra 25	P2	38,00	38,00
2561441	Falperra 23	PB,P1	38,00	76,00
2561441	Falperra 23	P2	38,00	38,00
2561442	Falperra 21	PB,P1	38,00	76,00
2561442	Falperra 21	P2	38,00	38,00
2561443	Falperra 19	PB,P1	39,00	78,00
2561443	Falperra 19	P2	39,00	39,00
2561444	Falperra 17	PB,P1	78,00	156,00

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 3 DO PXOM. PANIFICADORA/PRAZA DO REI
VI. APROBACION INICIAL – MARZO 2011

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
CONCELLO DE VIGO

2561444	Falperra 17	P2	78,00	78,00
2561444	Falperra 17	P3	78,00	78,00
2561444	Falperra 17	P4	78,00	78,00
2561445	Falperra 15	PB	40,00	40,00
2561445	Falperra 15	P1	40,00	40,00
2561445	Falperra 15	P2	40,00	40,00
2561445	Falperra 15	P3	40,00	40,00
2561445	Falperra 15	P4	40,00	40,00
2561446	Falperra 13	PB	41,00	41,00
2561446	Falperra 13	P1	41,00	41,00
2561446	Falperra 13	P2	41,00	41,00
2561446	Falperra 13	P3	41,00	41,00
2561446	Falperra 13	P4	41,00	41,00
2561447	Falperra 11	PB,P1	40,00	80,00
2561447	Falperra 11	P2	40,00	40,00
2561448	Falperra 9	PB,P1	40,00	80,00
2561448	Falperra 9	P2	40,00	40,00
2561449	Falperra 7	PB,P1	40,00	80,00
2561449	Falperra 7	P2	40,00	40,00
2561450	Falperra 5	PB,P1	41,00	82,00
2561450	Falperra 5	P2	41,00	41,00
2561451	Falperra 3	PB,P1	40,00	80,00
2561451	Falperra 3	P2	40,00	40,00
2561467	Falperra 1B	PB,P1	41,00	82,00
2561467	Falperra 1B	PB	41,00	41,00
2561466	Falperra 1A	PB,P1	41,00	82,00
2561466	Falperra 1A	P2	41,00	41,00
2561466	Falperra 1A	P3	41,00	41,00
2561452	Falperra 1	PB,P1	84,00	168,00
2561452	Falperra 1	P2	84,00	84,00
2561452	Falperra 1	P3	84,00	84,00

Os límites poden observarse nos planos do Catastro de IBI, e aparecen delimitados sobre os planos 7-K e 7-L da Cartografía Oficial do Concello nos planos deste documento (planos I-01; I-03 de información e P-01 de ordenación) , comprendendo unha liña poligonal irregular cos seguintes límites:

- Norte: parcelas 2561416 da Rúa de Santiago 28, 2561414, de Paseo de Alfonso 29, 2561455, de Paseo de Alfonso 31, 2561454, de Paseo de Alfonso 33, e , 2561454, de Paseo de Alfonso 33
- Sur: Rúa Cachamuíña (tramo entre Falperra e Rúa de Santiago).
- Leste: Rúa de Santiago (dende o número 30 ata o seu encontro coa Rúa de Santiago)
- Oeste : Rúa Falperra ,(dende o Paseo de Alfonso, incluíndo o número 37 do paseo de Alfonso e dos número 3 a 37 de Falperra, encontro coa Rúa Cachamuíña).

A forma do terreo é poligonal, que podería asemellarse a un trapecio irregular coa base maior, duns 100 metros no fronte á Rúa Cachamuíña polo Sur, a base maior, irregular nuns 50 metros , nos límites de parcelas do Paseo de Alfonso, altura dos 100 metros, e lados laterais o situado ó leste, a Rúa de Santiago, nunha lonxitude duns 90 metros, e o lado Oeste, duns 115 metros , que lle serve de fachada pola Rúa da Falperra.

O solar presenta unha máxima pendente no sentido Surlleste-Noroeste , cunha diferenca de cota de 16 metros